

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a María Jesús Lago Rey

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cuarenta e cinco minutos do día tres de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Xulio Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal., Sr. Suarez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1973).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1974).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI IV-01 SAN ROQUE A- ÁREA DE REPARTO 2 (FINCA PIZARRO)-FASE 2. EXPTE. 4998/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do técnico de Admón. Xeral e do director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 25.11.2010, co conforme do director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, e a toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 3.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda

- PRIMEIRO:** De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4998/401 e, en especial, os dos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 23.11.2010 e 24.11.2010, aceptar nos termos que neles se indican a recepción parcial das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do «PERI IV – 01 SAN ROQUE A - ÁREA DE REPARTO 2 (FINCA PIZARRO)», identificadas como “Fase 2ª”.
- SEGUNDO:** En aplicación do “Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo” (BOP nº 222, do 17.11.2009), declarar que este acordo non é título para a cancelación da obriga das entidades participantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización, non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras e tampouco non será título para a devolución dos avais presentados.
- TERCEIRO:** Con ocasión da recepción total da urbanización comprobarase de novo o estado da parte que se propón para a súa recepción. No caso de que se observen deficiencias na mesma, derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, requirirase a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir seguirán sendo responsables, solidariamente, as entidades mercantís encargadas da xestión urbanística deste ámbito mediante o sistema de concerto: “Viqueira Inmuebles, S.A.”, “Vallehermoso División Promoción, S.A.U.” e “Invoga, S.A.”.
- CUARTO:** Así mesmo, coa recepción completa da urbanización, ditas entidades mercantís, que responden para todos os efectos de forma conxunta e solidaria, deberán acreditar o exacto cumprimento das observacións contidas nos informes dos servizos municipais, así como nos das compañías prestadoras de servizos.
- QUINTO:** Notificar este acordo ós interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ó da súa notificación.
- SEXTO:** Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras,

Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e seis minutos. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.